

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 12 de setembro de 2006, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (código de convenio nº 8200903), que se subscribiu coa data do 21 de abril de 2006, pola parte empresarial, polos representantes das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e pola parte social, polos representantes da Confederación Intersindical Galega (CIG-Ensino), Comisións Obreiras (CC.OO.), Unión Xeral de Traballadores (FETE-UGT), e a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF), e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2006.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

TÍTULO I

Determinación das partes que o concertan

Artigo 1º.-Partes.

Concertan este convenio: dunha banda, as universidades relacionadas no ámbito fixado no artigo 3º, representadas polo reitor magnífico de cada unha delas, debidamente lexitimado, que posúe capacidade suficiente para contratar e acordar, e, doutra banda, o persoal docente e investigador laboral dependente daquelas, representado pola Confederación Sindical Galega (CIG-Ensino), pola Unión Xeral de Traballadores (FETE-UGT), por Comisións Obreiras (CC.OO) e pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF), como sindicatos maioritarios e lexitimados.

TÍTULO II

Ámbito do convenio

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

Este convenio aplicarase no ámbito territorial das universidades públicas con sede no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Ámbito funcional.

Este convenio é de aplicación, por así acordalo as partes, ás universidades seguintes:

-Universidade da Coruña.

-Universidade de Santiago de Compostela.

-Universidade de Vigo.

Artigo 4º.-Ámbito persoal e material.

1. As normas contidas neste convenio serán de aplicación a todo o persoal docente e investigador (PDI) laboral que preste servizos retribuídos nas universidades públicas asinantes deste convenio, en virtude de relación xurídico-laboral nalgunhas das figuras reguladas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades (en diante LOU) e no Decreto 226/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario formalizadas en contrato asinado polo interesado e o reitor de cada universidade, percibindo as súas retribucións con cargo aos orzamentos de cada universidade.

2. No relativo ás materias de formación, beneficios sociais, saúde laboral e dereitos sindicais, as partes acordan incorporar os acordos que sobre estas materias se acaden no ámbito da mesa sectorial de universidades.

Artigo 5º.-Ámbito temporal.

1. Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e manterá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2007. Os seus efectos económicos, incluídos os do artigo 18º, aplicaranse desde o 1 xaneiro de 2006.

2. O convenio prorrogarase de ano en ano a partir da finalización da súa vixencia se non mediase denuncia expresa del por calquera das partes asinantes, dentro dos tres meses inmediatamente anteriores á terminación da súa vixencia ou á de calquera das súas prórrogas. No suposto de producirse a súa denuncia, este convenio aplicarase ata o momento da sinatura dun novo convenio.

3. As partes iniciarán a negociación do segundo convenio colectivo tres meses antes do remate de vixencia deste convenio ou das súas prórrogas.

TÍTULO III

Condicións de aplicación

Artigo 6º.-Compensación e absorción.

As condicións económicas establecidas neste convenio compensarán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a súa natureza e orixe.

Se por disposición legal ou regulamentaria se establecesen durante o período de vixencia mellores condicións económicas, só terán eficacia se, consideradas globalmente en cómputo anual, resultasen superiores ás previstas neste convenio.

Artigo 7º.-Condicións máis beneficiosas.

1. Respectaranse, manténdose estritamente *ad personam*, as condicións particulares, incluídas as salariais que, con carácter global e en cómputo anual, excedan do conxunto deste convenio. Estas condicións poderán respectarse para o caso do persoal que puidese integrar nas universidades, sempre que exista acordo entre as partes.

2. Este convenio establece que a vinculación para as partes afectadas o é ao seu conxunto e totalidade, non podendo ningunha das partes vincularse por separado a elementos fraccionados del sen considerar as condicións globais e totais do conxunto.

Artigo 8º.-Comisión paritaria.

1. Constitúese unha comisión paritaria para o seguimento e interpretación deste convenio, que velará pola súa correcta aplicación.

2. Corresponderá á comisión negociadora do convenio colectivo do persoal docente e investigador contratado constituírse como comisión paritaria no prazo máximo dun mes contado desde o seguinte á súa entrada en vigor. Na comisión paritaria estarán representadas as mesmas partes que na comisión negociadora, aplicándose para o seu réxime de acordos o previsto no artigo 89.3º do Estatuto dos traballadores.

Estará composta por 15 representantes de cada parte. A parte social estará integrada polos sindicatos asinantes deste convenio determinándose o número de representantes de cada un deles en función dos resultados obtidos no último proceso electoral. Cada universidade contará con cinco representantes. Os representantes poderán ser asistidos nas reunións por asesores técnicos.

A presidencia da comisión paritaria corresponderá á parte institucional e a secretaría corresponderá á central sindical máis representativa.

3. Con carácter xeral, e sen prexuízo das facultades recoñecidas no articulado deste convenio, corresponderá á comisión paritaria:

- a) Vixiar o cumprimento do pactado.
- b) Interpretar o articulado, as súas disposicións e anexos.
- c) Aprobar o seu regulamento de réxime interno.
- d) Crear as comisións de traballo que estime necesarias, establecendo o carácter temporal ou permanente. Existirá polo menos unha comisión con carácter permanente que garantirá a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- e) Coñecer calquera conflito colectivo que se suscite no ámbito deste convenio.
- f) Estudar, propor e informar as cuestións que derivadas da aplicación deste convenio se formulen pola

dita aplicación, a universidade, os órganos de representación ou os traballadores.

g) Actualizar o contido deste convenio para adaptalo ás modificacións que poidan derivarse de cambios normativos.

4. Os acordos da comisión paritaria vinculan a ambas partes nos mesmos termos que este convenio colectivo. Os seus ditames e acordos incorporaranse ao mesmo como anexo.

5. Denunciado o convenio e ata que sexa substituído por outro, a comisión paritaria continuará exercendo as súas funcións.

6. A comisión paritaria reunirse semestralmente con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, cando llo soliciten polo menos a metade dos compositores da parte social ou das universidades.

7. Os asuntos a incluír no orde do día de cada sesión ordinaria serán remitidos ao presidente, incluíndose no orde do día da primeira convocatoria que se vai realizar, sempre que sexan recibidos por este con dez días de antelación á súa data. Noutro caso, serán incluídos no da seguinte convocatoria.

As sesións de carácter extraordinario e o seu correspondente orde do día serán obxecto de regulamentación no Regulamento de funcionamento interno da comisión paritaria.

8. A comisión paritaria fará públicos os acordos adoptados para o seu xeral coñecemento.

9. A comisión paritaria solicitará toda clase de información relacionada coas cuestións da súa competencia segundo o previsto no Regulamento de funcionamento interno dela.

10. As universidades comprométense a facilitar á comisión paritaria locais e medios adecuados para a celebración de reunións de traballo.

11. Sometemento de conflito ao Consello de Relacións Laborais de Galicia:

a) As discrepancias producidas no seo da comisión paritaria resolveranse de acordo cos procedementos de resolucións extraxudicial de conflitos e do Consello de Relacións Laborais.

b) A solución dos conflitos que afecten os traballadores e universidades incluídos no seu ámbito de aplicación, efectuarase conforme os procedementos de resolucións extraxudiciais de conflitos e do Consello de Relacións Laborais.

Artigo 9º.-Funcións do persoal contratado e lugar de prestación do traballo.

1. As funcións do persoal docente e investigador contratado polas universidades comprenden a prestación de servizos en labores docentes, investigadores, de titoría ou asistencia ao estudantado e a atención ás necesidades de xestión do departamento, centro ou universidade na xornada laboral establecida.

2. As actividades docentes comprenden a preparación e realización de docencia, a realización de actividades academicamente dirixidas recollidas nos plans de estudos, a elaboración de materiais docentes, elaboración e corrección de exames, titorías ou asistencia ao estudantado así como calquera outra actividade relacionada coa aprendizaxe na universidade.

3. A actividade investigadora comprende o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística así como a formación de investigadores atendendo tanto á investigación básica como á aplicada.

4. As actividades anteriormente referidas desenvolveranse nas mesmas condicións que as do PDI funcionario, coas especificidades de cada tipo de contrato.

5. O persoal docente e investigador contratado desempeñará preferentemente o seu labor nunha única localidade. No caso de que teña que desenvolver o seu labor en máis dunha localidade será necesario un informe razoado do departamento e a conformidade do contratado. Se a mobilidade implica un cambio de residencia será de aplicación o disposto na lexislación laboral.

Artigo 10º.-Figuras contractuais.

1. Axudante.

Os axudantes serán contratados a tempo completo coa finalidade principal de completar a formación investigadora. As prazas de axudantes utilizaranse preferentemente para integrar ao persoal en formación. Os axudantes poderán colaborar nas tarefas docentes preferentemente de carácter práctico vinculadas a súa especialización.

As universidades deben garantir que os axudantes disporán de recursos suficientes para o logro dunha formación adecuada.

2. Profesor colaborador.

Os profesores colaboradores serán contratados polas universidades para impartir ensinanzas naquelas áreas de coñecemento que estableza o Goberno, tras o informe do Consello de Coordinación Universitaria, entre licenciados, arquitectos e arquitectos técnicos, enxeñeiros e enxeñeiros técnicos ou diplomados universitarios. En todo caso deberán contar co informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (Acsug) ou Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Aneca), nos termos previstos nas súas respectivas disposicións reguladoras ou calquera outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma galega.

Os profesores colaboradores serán inicialmente contratados polas universidades por un período máximo de catro anos, podendo prorrogarse os seus contratos por outros catro anos máis, tras o informe

favorable da Acsug ou Aneca, nos termos previstos nas súas respectivas disposicións reguladoras ou calquera outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma galega.

Os contratos dos profesores colaboradores adquirirán carácter fixo, logo da avaliación positiva dos dous períodos da súa actividade aos que se refire o parágrafo anterior por parte da Acsug ou Aneca, nos termos previstos nas súas respectivas disposicións reguladoras, ou de calquera outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma galega.

Os colaboradores non doutores terán encargo docente equivalente a un profesor titular de escolas universitarias, e os doutores a un profesor titular de universidade.

3. Profesor axudante doutor.

O profesor axudante doutor será contratado entre doutores ou doutoras de acordo coas disposicións legais vixentes. Desenvolverá tarefas docentes e de investigación a tempo completo.

As universidades deben garantir que as tarefas docentes dos profesores axudantes doutores non supoñan unha carga que diminúa ou dificulte o desenvolvemento dos labores de investigación e formación.

4. Profesor contratado doutor.

Os profesores contratados doutores contratados para o desenvolvemento de tarefas docentes e de investigación, serán contratados inicialmente a tempo completo e con carácter fixo agás as excepcións fixadas nos estatutos.

Tamén poden ser contratados profesores contratados doutores de modo extraordinario para desenvolver tarefas prioritariamente de investigación especializada. Serán contratados inicialmente a tempo completo ou a tempo parcial durante un período máximo de tres anos.

Os profesores contratados doutores terán un encargo docente equivalente a un profesor titular de universidade.

5. Profesor asociado.

O profesorado asociado será contratado con dedicación a tempo parcial, entre especialistas de recoñecida competencia con actividade profesional allea ao ámbito académico universitario.

6. Profesor visitante.

O profesorado visitante está constituído por persoal docente e investigador de recoñecido prestixio doutras universidades e centros de investigación españois ou estranxeiros que poderán ser contratados, con dedicación a tempo completo ou a tempo parcial.

7. Profesor emérito.

Os estatutos de cada universidade establecerán as condicións para contratar como profesores eméritos aqueles funcionarios docentes xubilados que prestasen servizos destacados á universidade.

En todo caso a figura de profesor emérito non poderá superar o 2% do total do cadro de persoal de PDI.

8. Lector.

As universidades poderán contratar docentes de linguas modernas para os seus lectorados como parte do persoal dos departamentos responsables. Os estatutos de cada universidade fixarán as características deste persoal. As súas obrigas docentes virán fixadas nos respectivos contratos, en virtude das necesidades docentes do departamento, sendo como máximo, as dun profesor colaborador.

9. Profesor contratado interino de substitución.

As universidades poderán contratar con carácter temporal profesorado interino para cubrir necesidades temporais de docencia xeradas por:

a) Prazas vacantes que correspondan aos corpos docentes universitarios, así como as prazas de persoal contratado fixo ou temporal en canto se produce a súa cobertura definitiva polo procedemento legalmente establecido.

b) Exención docente do profesorado por cargas académicas.

c) Por circunstancias sobrevidas, de carácter extraordinario ou suspensión temporal da actividade dun profesor.

A duración do contrato será a que determinen as necesidades docentes.

Cando se produzan necesidades temporais de docencia, para cubrila procederase do seguinte xeito:

1. Antes de proceder á realización de calquera contratación, haberá de comprobarse que a necesidade docente establecida non poida ser cuberta coas disponibilidades da área correspondente.

2. Incremento temporal de dedicación dos profesores asociados con dedicación inferior a 6+6 horas logo de acordo co interesado e co informe do departamento.

3. No caso de que estes dous procedementos non sexan suficientes para atender ás necesidades formuladas poderase recorrer á fórmula das horas extraordinarias voluntarias e retribuídas ata un límite de tres horas á semana por profesor. A retribución da hora extraordinaria fíxase para o ano 2006 en 30 euros.

A súa dedicación dependerá das necesidades docentes e súa retribución sería a establecida no Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario correspondentes aos profesores asociados.

Se é o caso poderanse contratar tamén para este fin profesores asociados.

Artigo 11º.-Réxime do persoal contratado.

1. Os contratos de axudante, profesor axudante doutor, profesor asociado, profesor visitante, profesor emérito e lector terán duración determinada.

2. A duración do contrato de axudante e profesor axudante doutor será de catro anos de prestación de servizos efectivos e a retribución non superará catro anos en cada figura. Ademais as situacións de suspensión non retribuídas pola propia universidade e non recollidas na normativa laboral vixente non excederán de dous anos.

3. No caso dos axudantes e profesores axudantes doutores que xa estivesen vinculados a esas figuras por relación contractual anterior con calquera universidade, a duración máxima dos contratos será o que reste para completar o período máximo de contratación de catro anos.

As universidades galegas subscribirán acordos que permitan a mobilidade do profesorado co obxecto de cumprir o requisito de dous anos de desvinculación para o acceso á figura de profesor axudante doutor.

4. Os profesores asociados serán contratados en réxime temporal. As universidades establecerán a duración máxima destes contratos, o seu carácter renovable ou non, e os requisitos que deban reunir as renovacións así como o número destas.

TÍTULO IV

Estabilidade no emprego e réxime de incompatibilidades

Artigo 12º.-Estabilidade no emprego.

As universidades facilitarán semestralmente ao comité de empresa razón das altas e as baixas de persoal docente e investigador.

Artigo 13º.-Réxime de incompatibilidades.

Ao persoal docente e investigador laboral das universidades asinantes deste convenio aplicaráselle o réxime de incompatibilidades, de acordo coas normas básicas contidas na Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

A contratación baixo a figura de profesor visitante será incompatible co desempeño doutras actividades retribuídas, salvo cando se trate de persoal docente e investigador de universidades ou centros de investigación estranxeiros.

TÍTULO V

Organización do traballo

Artigo 14º.-Organización e planificación do traballo.

A organización do traballo é facultade exclusiva de cada universidade e a súa aplicación práctica corresponderá ao órgano competente no marco da

lexislación vixente e en particular dos estatutos de cada unha delas e deste convenio colectivo.

As universidades, logo de negociación co comité de empresa, elaborarán a relación de postos de traballo que recollerá de acordo co artigo 70 da LOU, os postos estruturais correspondentes ao PDI con contrato laboral, sen que as súas funcións poidan ser desenvolvidas por bolseiros ou colaboradores sociais.

TÍTULO VI

Procedemento de selección e tribunais

Artigo 15º.-Procedemento de selección e tribunais.

1. A contratación de persoal docente e investigador realizarase mediante concursos públicos convocados polas universidades de acordo cos procedementos establecidos nos estatutos de cada universidade. Os concursos serán públicos e a convocatoria será comunicada con suficiente antelación ao Consello de Coordinación Universitaria para a súa difusión en todas as universidades e ao Consello Galego de Universidades.

2. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente estar habilitado para participar nos concursos de acceso a corpos docentes universitarios aos que se refire a Lei orgánica de universidades.

3. Cada universidade establecerá un baremo puntuado de méritos, que previamente será informado de maneira razoada polo comité de empresa no prazo de 15 días. No caso de informe negativo, a universidade en igual prazo emitirá informe razoado.

Nestes baremos terase en conta, entre outros, os criterios xerais seguintes:

- a) Formación académica.
- b) Grao de doutor naquelas prazas en que non sexa requisito de acceso.
- c) Experiencia docente, profesional, e investigadora do candidato.
- d) Outros méritos adecuados ao perfil da praza.
- e) Coñecemento da lingua galega.

O período de actividade docente, investigadora e de xestión desenvolvida nas universidades galegas terá consideración especial nos baremos para as prazas de promoción.

4. Os postos de profesor visitante e profesor emérito poderán ser excluídos dos procesos de selección aos que se refire este punto.

5. Contra as convocatorias e os actos administrativos que delas se deduzan, poderanse interpoñer os recursos ou reclamacións substitutivas previstos na Lei 30/1992, dp 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A composición, funcionamento e procedemento de designación dos compoñentes das comisións de selección determinarase nos estatutos das universidades.

7. O número de compoñentes será dun mínimo de cinco e un máximo de sete, garantindo que sexan especialistas da área de coñecemento ou de áreas afíns á do posto que se vai cubrir.

Formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días desde a notificación por parte da universidade; rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este representante actuará con voz e sen voto.

TÍTULO VII

Xornada de traballo

Artigo 16º.-Xornada de traballo.

1. A duración da xornada de traballo para os contratos a tempo completo será a que estableza a lexislación vixente para o persoal funcionario a tempo completo.

2. A duración da xornada de traballo nas contratacións realizadas por tempo parcial será a que se derive das súas obrigas contractuais.

3. A docencia total dun profesor poderá acumularse en determinados períodos do curso académico, de conformidade co Plan de Organización Docente (POD) e respectando os límites establecidos na lexislación vixente.

4. Os conflitos individuais resolveranse logo de consulta á representación dos traballadores.

TÍTULO VIII

Réxime retributivo

Artigo 17º.-Estrutura do salario.

O persoal docente e investigador contratado será retribuído polos conceptos de retribucións básicas e complementos. As retribucións básicas están constituídas polo soldo, antigüidade e pagas extraordinarias.

Artigo 18º.-Antigüidade.

1. O persoal docente e investigador percibirá en concepto de antigüidade por cada tres anos de servizos prestados no ámbito docente ou investigador das universidades públicas de Galicia, unha cantidade anual igual á dos funcionarios que pertencen aos corpos correspondentes ou a proporción se a xornada fose inferior á completa. A contía que se percibirá mensualmente para o ano 2006 é de 41,93 € para o persoal a tempo completo por cada tramo de antigüidade recoñecido. Este concepto aboarase tanto nas pagas ordinarias como extraordinarias.

A contía da antigüidade do persoal con dedicación a tempo parcial reducirase na mesma proporción en que se reduza o salario base.

2. Para a antigüidade do PDI con contrato fixo computaranse os servizos previos prestados á Administración pública, consonte os requisitos e criterios establecidos na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Artigo 19º.-Pagas extraordinarias.

As pagas extraordinarias serán dúas ao ano e faranse efectivas nos meses de xuño e decembro. Os conceptos que se van incluír nestas pagas serán o soldo base, a antigüidade e o complemento de destino, na mesma proporción que se determine para o PDI funcionario.

Artigo 20º.-Complementos.

Os complementos son os seguintes: específico, de destino e de cargo académico.

O persoal contratado laboral fixo poderá ter ademais os complementos por mérito docente e de produtividade investigadora, na mesma contía e condicións que para o persoal funcionario.

Artigo 21º.-Táboa salarial.

Profesor contratado doutor: a súa retribución será a mesma dun profesor titular de universidade: soldo, complemento de destino e compoñente xeral do complemento específico.

Profesor axudante doutor: a súa retribución será, para o ano 2006, de 23.157,87 € anuais e, para o ano 2007, de 24.283,48 €, máis a actualización que se aprobe para os empregados públicos.

Axudante: establécese unha retribución anual de 19.360,17 € para o ano 2006. No ano 2007 esta retribución incrementarase en tres puntos sobre a actualización que se aprobe para os empregados públicos.

Profesor colaborador: a súa retribución será a mesma dun profesor titular interino de escolas universitarias: soldo, complemento de destino e compoñente xeral do complemento específico.

Profesor asociado: a súa retribución será a que corresponda en función da dedicación, segundo establece o Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario.

Profesor visitante: a súa retribución será a mesma dun profesor contratado doutor.

Profesor emérito: mantense a estrutura retributiva actual en cada universidade.

Artigo 22º.-Indemnizacións por razón do servizo.

Para os efectos previstos no Real decreto 462/2002 establécese que as indemnizacións por razón do servizo sexan as establecidas para o grupo II.

TÍTULO IX Carreira académica

Artigo 23º.-Carreira académica.

O inicio da carreira académica corresponde á figura de profesor axudante doutor.

Cando un profesor axudante doutor reúna os requisitos exixidos pola lexislación universitaria para acceder ás categorías de profesor contratado doutor ou profesor titular de universidade, se é o caso, a universidade creará na área de coñecemento a que este pertenza unha praza que se corresponda coa acreditación/habilitación por el obtida.

Os contratos de profesor contratado doutor transformaranse en prazas de profesor titular de universidade cando o profesor contratado obteña a habilitación correspondente e así o solicite e a universidade facilitará, na medida en que o permita a lexislación vixente, o seu acceso á nova praza.

TÍTULO X

Vacacións, permisos e licenzas

Artigo 24º.-Vacacións.

As vacacións anuais retribuídas serán de trinta días. O período de goce será o mes de agosto.

Artigo 25º.-Permisos e licenzas.

O traballador, logo da xustificación adecuada, terá dereito a solicitar permisos e licenzas retribuídas polos tempos e causas seguintes:

1. Quince días naturais, en caso de matrimonio.
2. Catro días, en caso de nacemento, acollida ou adopción dun fillo e no de enfermidade grave ou accidente de pais, cónxuxe ou fillo.
3. Tres días, por falecemento dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando os ditos casos se produzan en distinta localidade da do domicilio do traballador, o prazo de licenza será de cinco días.
4. A traballadora, por lactación dun fillo menor de nove meses, terá dereito a unha hora diaria de ausencia de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade. Este dereito poderá ser exercido indistintamente polo pai ou a nai no caso de que ambos traballen.
5. Poderán concederse permisos retribuídos de ata nove días ao ano por causas xustificadas e sempre que o permitan as necesidades do servizo.
6. A estadía ata un período dun ano noutras universidades ou centros que realicen actividade investigadora, logo de acreditación da aceptación por parte do devandito centro e que teña por obxecto completar ou mellorar a súa formación docente ou investigadora. As condicións económicas destas estadías serán as mesmas que corresponden en función da súa duración para os funcionarios de corpos docentes universitarios.

7. O profesorado contratado indefinido, cun período ininterrompido de seis anos de docencia na súa universidade en réxime de dedicación a tempo completo, terá dereito a solicitar unha licenza dun ano,

que se denominará ano sabático, conservando os seus dereitos económicos e administrativos. Cada universidade establecerá os mecanismos de tramitación e concesión destas licenzas garantindo, en todo caso, que queden cubertas as funcións docentes do departamento correspondente.

8. En todo o non previsto neste convenio ao persoal docente e investigador incluído neste ámbito aplicaráselle o réxime de permisos, licenzas e vacacións establecido para os funcionarios dos corpos docentes universitarios.

Para os efectos do disposto neste artigo a convivencia de feito acreditada legalmente asimilárase ao matrimonio.

TÍTULO XI

Suspensión do contrato de traballo e excedencias

Artigo 26º.-Suspensión con reserva de posto.

En todo caso os traballadores terán dereito á suspensión do seu contrato de traballo con reserva do posto nos casos previstos no Estatuto dos traballadores, e ademais:

1. Exercicio de cargo público representativo ou funcións sindicais electivas, de acordo cos estatutos do sindicato de ámbito provincial ou superior, suposto en que será de aplicación a situación de excedencia forzosa con cómputo de antigüidade, sempre que o dito exercicio imposibilite a asistencia ao traballo ou sempre que por isto se perciban retribucións. O reingreso deberá solicitarse dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo ou función sindical.

2. A estadia por período superior a un ano noutras universidades ou centros que realicen actividade investigadora, logo de acreditación da aceptación por parte do devandito centro e que teña por obxecto completar ou mellorar a súa formación docente ou investigadora.

Artigo 27º.-Excedencia forzosa.

A excedencia forzosa, que dará dereito á conservación do posto e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, obterase, ademais dos supostos previstos no Estatuto dos traballadores, pola designación ou elección para un cargo público ou función sindical electiva de acordo cos estatutos do sindicato de ámbito provincial ou superior que imposibilite a asistencia ao traballo. O reingreso do excedente forzoso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo público, producíndose a reincorporación inmediatamente.

Artigo 28º.-Réxime xeral.

En todo o non previsto neste convenio ao persoal docente e investigador incluído neste ámbito aplicaráselle o réxime de excedencia, suspensión, licenza e baixas previsto para os funcionarios dos corpos docentes universitarios.

TÍTULO XII

Réxime disciplinario

Artigo 29º.-Réxime disciplinario.

Con carácter xeral e no marco do artigo 58 do Estatuto dos traballadores ao persoal docente e investigador incluído no ámbito deste convenio aplicaráselle o réxime disciplinario aplicable aos funcionarios dos corpos docentes universitarios.

Artigo 30º.-Procedemento.

As sancións por faltas graves e moi graves requirirán a tramitación previa de expediente disciplinario, cuxa iniciación lles será comunicada aos representantes dos traballadores e ao interesado pola autoridade competente para ordenar a instrución do expediente.

Os expedientes disciplinarios tramitaranse do mesmo xeito que os dos funcionarios de corpos docentes universitarios.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os mecanismos para a posta en marcha dos sistemas de recoñecemento dos complementos por mérito docente e de produtividade investigadora deberán estar activados por parte das universidades e da Administración autonómica de xeito que poidan ser cobrados a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Segunda.-A comisión paritaria na súa primeira reunión determinará as disposicións do convenio que sexan aplicables ao persoal investigador tendo en conta as modalidades deste e que entrarán en vigor antes do 31 de decembro de 2006.

Estes acordos vincularán a ambas partes nos mesmos termos que este convenio colectivo, incorporaranse ao mesmo como anexo, consonte ao disposto no artigo 8.4º.

Terceira.-As universidades e os sindicatos asinantes deste convenio, comprométense a negociar na mesa sectorial de universidades coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a elaboración dun réxime específico para o persoal investigador contratado o antes posible.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Resolución do 19 de outubro de 2006 pola cal son convocadas unhas xornadas sobre Administración pública e xénero: os desafíos da igualdade na función pública.

Advertido un erro na Resolución do 19 de outubro de 2006, publicada no DOG nº 205, do martes 24 de outubro de 2005, é necesario facer a oportuna corrección:

No punto 5: Inscripción, debe figurar: «xoves, 16 de novembro, para a xornada de Ourense».